

A CANDEA

Nº 7

JULIO 2002 Depósito Legal: LU 454 - 00

REVISTA TRIMESTRAL EXEMPLAR GRATUITO

Edita: ASOCIACIÓN "FONTE DO MILAGRO"

REVISTA DO CAUREL

Esta revista está impresa en papel Ecológico



SUMARIO

Páx 2	Editorial - (Guía de teléfonos)
Páx 3	Rúas Limpas
Páx 5	"As Nosas Parroquias"
Páx 7	Os Debuxos de arados nas portas
Páx 8	Monte Medulio
Páx 10	Ruta
Páx 12	Aserrado da Madeira
Páx 14	Certame de Pintura
Páx 16	NOVONEYRA II Parte
Páx 19	Teatro en Bustofrío
Páx 20	Un gaitero galego en Ujué
Páx 22	AVOENGO CELTA
Páx 23	Os motores do Caurel
Páx 24	Cousas que aconteceron
Páx 25	Artistas do Caurel
Páx 26	Nota
Páx 27	A Banda grava un disco

TELÉFONOS DE INTERÉS

CENTRO MÉDICO (FOLGOSO)	982 43 30 33
CENTRO MÉDICO (SEOANE)	982 43 30 68
HOSPITAL COMARCAL DE MONFORTE	982 41 79 00
EMERXENCIAS MÉDICAS	061
SOS GALICIA	112
CRUZ VERMELLA (PEDRAFITA)	982 36 70 06
CRUZ VERMELLA (QUIROGA)	982 42 83 55
FARMACIA (FOLGOSO)	982 43 30 54
CASA DO CONCELLO	982 43 30 01
CUARTEL GARDA CIVIL (SEOANE)	982 43 30 83
AUTOBUSES "EMPRESA CAUREL"	982 42 82 11
ESTACIÓN DE AUTOBUSES (MONFORTE)	982 40 49 50
ESTACIÓN RENFE (MONFORTE)	982 40 20 96
INCENDIOS FORESTAIS	085

EDITORIAL

É tempo de lecer, uns van, outros veñen, xa cheira o tan ansiado verán, as vacacións están enriba, O Caurel preparase para recibir a tantos e tantos fillos que polo mundo ten espallados. A fría soidade do inverno convértese nunha agarimosa ledicia e os pobos recuperan o rebulir de antano, doutro xeito, pero a actividade na serra é outra. Apuramos a sega da herba, o pan, as mallas e outras labores. Queremos ter o Agosto libre e compartir, de festa en festa, esta ledicia con quen, ano tras ano, volta as súas raíces, a quen a tan arraigada morriña galega chama para aproveitar duns días contando as vivencias que, ó longo do ano, suceden nun sitio e noutro, para disfrutar da, cada día, máis esquecida familia; para avivar o corazón dos nosos vellos e compartir con eles xornadas de festa e celebración. Pero esto pronto pasa, a crúa realidade do Caurel volta en poucos días e con máis tristura cada ano, este rebulir pasaxeiro voltanos á friaxe, ó sosego triste duns longos meses hasta o próximo verán. ¿Quen sabe como virá? Pero é o verán, xa estamos ca conta atrás e aínda non pasou este, ¿Quen sabe si á velocidade que vamos algún ano esquecemos Agosto e pasamos o verán por enriba?. Para nós o verán é Agosto.

A Redacción.



A MELLOR MANEIRA
DE DISFRUTAR DA NATUREZA

Ó PE DA FERMOUSA DEVESA DE PADERNE


ALUGUER
DE QUADS



Información e reserva: Tfno e Fax: 982 185 110 Paderne, O CAUREL

RÚAS LIMPAS

Nos pobos do noso Caurel é moi habitual ver infinidade de obxectos expostos nas rúas e prazas, e non son precisamente elementos decorativos, senón todo o contrario: Son obxectos que forman parte dun escandaloso feísmo rural ante o que todos pechan os ollos. Os veciños deixan de todo na vía pública sen ter en conta un montón de inconvenientes que iso supón tanto para eles mesmos como para os pobos, que dan unha pobrísima imaxe, moi propia do terceiro mundo. Utilizan a vía pública como se fora o seu "Cortijo". Xa hai tempo alguén me comentou, como noticia extraordinaria



e positiva, que o Concello comenzaría a sancionar a aqueles veciños que tiveran leña, madeira, estrume, lousa, obxectos inservibles... En fin, de todo iso que sempre vemos amontoado na vía pública dos nosos pobos.

Esta noticia prodúciame unha gran satisfacción polo beneficio que iso ía supoñer para todos, tanto no aspecto visual como hixiénico, posto que, en algúns casos, ademais de todo o antedito, tamén podemos atopar ata o bandullo dalgún coello tirado en calquera cantón esperando que o coman os cans.

Pero deso xa pasaron uns anos, e o aspecto das nosas rúas é o mesmo, e ata a data non houbo sanción algunha para ninguén. Moito mellor nos iría se coidáramos máis a nosa imaxe por aquilo de que, unha imaxe vale máis que mil palabras. Penso que o que queira ter leña ou calquera outra cousa debe te-la na súa casa (todos teñen unha casa vella na que poden gardar todo iso que, xa por costume, deixan na rúa) en moitos casos impedindo o paso ós veciños, ou ata cheirando se se trata dalgún desperdicio animal.

Se algún día se produce un accidente grave como consecuencia dunha pila de leña ou lousa, desas que tanto proliferan polas nosas rúas, virán os lamentos, e tan responsable será o Concello como o propietario deses materiais perigosos. Despois, uns e outros, desfaranse en desculpas, pero xa será tarde, posto que o mal xa estará feito. ¿Por qué temos que esperar a que aconteza unha desgracia para que se tomen medidas?

Unha vez máis, e lamentando moito ser crítico, sen dúbida como consecuencia do gran cariño que sinto polo meu pobo, e polo Caurel en xeral, insisto no mesmo: O Concello é o que ten que estar ó tanto desas infraccións e sancionar cando sexa necesario, sen ter medo de perder votos, posto que ese tipo de persoas dan e quitan o voto a súa conveniencia, pero nunca en beneficio da comunidade. Todo aquilo que non sexa do seu interese exclusivo impórtalles un carallo.

Tamén insisto, unha vez máis, na necesidade de pór freo as construcións incontroladas, tipo chabolismo, que se veñen permitindo dende sempre en calquera sitio e de calquera maneira, incluso en prazas públicas, con un descaro increíble por parte dos infractores; iso tamén é unha forma de limpeza. E curioso ver como un día un veciño se apropia de parte dunha praza pública alegando que é súa, sen que o Concello lle esixa un documento legal de propiedade, e ó dicir legal estoume referindo a un documento Público, e non a un papelíño calquera



URBANO ARZA, S.L.

CONTRATISTA DE OBRAS

MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN - MOBLES
FERRETERÍA - BAZAR - ROUPA E CALZADO

Supermercado CLAUDIO

C/ Deputación N° 41
27325 FOLGOSO DO CAUREL
(Lugo)

feito entre dous “amiguetes” “puntuais, que acredite a propiedade do solar que vai ocupar. Un mal endémico moi propio doutras latitudes, que temos que erradicar do Caurel (non estaría demais recordarlles a algúns que dende 1995 está introducida no Código Penal a figura do delito urbanístico, castigado con cárcere).

En moitos pobos de Galicia xa se están tomando medidas encamiñadas a protexer os cascos vellos, incluso algúns do noso concello, nos que non se permite construír nada que non se axuste ás características do entorno. Outra cousa son as aforas, onde se pode ter máis permisividade, sempre que esta non supoña un exceso escandaloso. Non se poden pechar as portas ao progreso, nin tampouco se poden cortar todos os pobos polo mesmo patrón. Uns teñen unhas características e outros outras; Folgoso ou Seoane, por exemplo, non se poden medir polo mesmo raseiro que Seceda, Froxán, Cortes, etc. que, afortunadamente, son algúns bos exemplos a seguir noutros pobos do Caurel que están moi esquecidos. Pero iso sí, os cascos vellos, tanto de Folgoso como de Seoane, tamén teñen o seu valor e, polo tanto, tamén se deben protexer. Neses cascos vellos sí que se debe ser rigorosos e escrupulosamente respectuosos co seu entorno.

Os concellos rurais teñen que facer cumprir as normas urbanísticas e ser coherentes con elas. Non vale permitir hoxe un tipo de construción pechando os ollos, e mañá dicir que o edificado non é legal, cando a inversión xa está feita. As cousas hai que facelas ben dende o principio, e no Caurel imos un pouco despistados nese sentido.

Hai anos que estamos esperando un plan Urbanístico que non dá chegada e, sen dúbida, iso supón un freo para o noso, xa de por si, pobre progreso. Penso que a Xunta tamén nos ten esquecidos nese aspecto, polo que tampouco sería xusto achacarlle toda a responsabilidade ó Concello. Entre todos mataron-a e ela só morreu-se.

Son conscente de que é difícil cambiar a mentalidade de moitas persoas, sobre todo a daquelas de pouca cultura e moito egoísmo (das que abundan desgraciadamente) pero sinto a necesidade de reivindicar algo tan esencial como é ver un Caurel limpo e respectuoso co entorno, a altura de tantos pobos de montaña doutras comunidades, que anque tampouco sexan ricos en agricultura ou industria, si son moi respectuosos co seu entorno. Os seus habitantes saben que non deben deixar nada nas rúas, e que o seu aspecto é esencial para a boa imaxe. E se alguén se esquece de algo tan esencial, os concellos xa se encargan de recordarllo.

Son pobos que saben como explotar o turismo rural; esa industria dos tempos modernos que tantos beneficios aporta os seus habitantes, tanto directa como indirectamente. No Caurel estamos deixando escapar o trén do turismo rural, trén ó que outros pobos xa se subiron hai tempo sen, o mellor, ter as

condicións naturais do Caurel. Nós moito temos que aprender deles e, dende logo, temos que comezar polo aspecto urbanístico, fundamental se queremos que os nosos pobos sigan vivindo (os que aínda teñen algo de vida que, lamentablemente, xa van quedando menos).


Sei que moitos me tacharán de crítico, pero penso que se a crítica é constructiva benvida sexa, porque se non criticamos aquilo que vemos mal feito (ou que nos parece) non melloraremos nunca, e se ninguén nos fai ver os nosos defectos pensaremos que non os temos. ¡Craso erro! Témoslos abondo.

Por outra banda, todos sabemos que estas críticas escóitanse moi frecuentemente nos “corrillos” pero ninguén se atreve a face-las en público porque, no fondo, case ninguén está libre de culpa. Hoxe, afortunadamente, dispoñemos dun medio de comunicación propio, como é a Candea, oxalá que por moitos anos e, dende logo, que Deus llo pague a esas persoas que tiveron a feliz idea e que tan excelente labor están a facer polo Caurel, (nos seguramente nunca llo agradeceremos o suficiente) na que podemos expresar libre e públicamente o noso parecer que, sen lugar a dúbidas, para moitos pode ser útil e, en calquera caso, interesante para a xente de ben, posto que das opinións alleas, por absurdas que nos parezan, sempre podemos extraer algo positivo.

No Caurel temos practicamente todo por facer, e xa vai sendo hora de que comencemos a traballar todos a unha. Se comparasemos O Caurel con unha obra literaria, poderíamos dicir que nós aínda estamos aprendendo o abecedario, e que nos gusta máis ir cas vacas que a escola, cando do que se trata e precisamente do contrario. Deberíamos tratar de aprender rápido para poder entender e desfrutar de ese marabilloso regalo que nos fixo a natureza, que é O Caurel. Pero se non nos obrigan non aprenderemos nunca.

Arturo A. Rodríguez.

Folgoso- marzo 2002



ROTULOS



Fundada en 1960

R. Montenegro, 6 bj. ☎ 982 22 19 90

San Pedro, 13 bj. ☎ 982 22 63 07

As nosas Parroquias

VISUÑA (Sta Eufemia)

Linda por la parte de levante con el Reino de León del que se divide en el marco de “las cruces” de aquí sigue al marco de la “aira de martiñón”, y al marco de “entre carreiras juntas”, que en la parte del sur la divide de la feligresía de Santa María Magdalena de la Seara, de aquí sigue al marco de “tras la pena” y al de “furgas”, de aquí sigue al marco de “Couto de San Pedro de Esperante”, de aquí sigue al “Campo de Faro” continuando al marco de “Cruces” que es la primera demarcación contando desde levante.... Así se describe no Catastro do Marqués da Ensenada datado no ano 1752.

Esta freguesía está formada polos lugares de: Céramo e Visuña, aínda que hoxe son recoñecidos como entidades de poboación os barrios que compoñen este último, é son: A Aldea, A Calella, Cimadevila, A Igrexa, Reibarba e Visuña.

Esta parroquia foi unha das que sufriu un maior illamento dada a súa situación xeográfica, xa que para chegar a capitalidade do concello hai unha distancia duns 25 quilómetros e ter que pasar polo Alto do Couto, que dada a súa altitude, boa parte do inverno atópase cuberto de neve

Ten unha superficie de 1.459,3 Ha. na que boa parte están cubertas de arborado e matogueiras. O chan calcario fai posible que neste lugar se atopen covas de gran interese para expertos e afeccionados a espeleoloxía, cabe destacar a Buraca das Choias situada a marxe dereita, o saír do pobo pola estrada que nos leva a Ferramulín. Tamén é curioso como, augas abaixo de Visuña, o río que atravesa esta localidade, e que eu non me atrevo a nomear xa que uns din que é o Río Visuña e outros o Selmo o que ó pasar Ferramulín se adentra nas terras de León, para verter as súas augas no Sil, desaparece do seu leito para asomar de novo uns centos de metros máis abaixo

Como accidentes xeográficos de máis relieve están: O Chao do Marco con algo máis de 1.500 mts., O Couto con 1.435 mts. aínda que boa parte da súa xeografía está por enriba dos 1.000 metros.

O recurso económico máis a ter en conta é a gandería, aínda que na actualidade non chegue a medio cento o número de reses.

A fertilidade das súas terras e a abundancia de auga fai que as praderías que, as márxenes do río e regatos que discorren pola zona, se manteñan sempre verdes.

Como no resto do Caurel, a agricultura baséase no autoconsumo e cada día son menos as fincas dedicadas a cultivo como a pataca, millo, e outros.

O envellecemento da poboación e a emigración son

outros dos problemas que esta parroquia, como o resto do Concello, está a sufrir; segundo o censo do ano 1.752 había 71 casas, no ano 1.981 só 43 vivendas. En 1.900 tiña 345 habitantes, hoxe en día case dez veces menos.

Houbo no seu día un pequeno Mosteiro ou Igrexa Mosteiral, que segundo os estudiosos foi fundado por San Fructuoso, coñecido como Visonia, de aí supostamente lle ven o nome a esta parroquia. Hai quen di, e non é de estrañar, que por aquí tamén pasaban os peregrinos no seu camiñar cara a a tumba do Santo Apóstolo.

A abundancia de ferro os seus arredores fixo desta unha parroquia próspera; nas ladeiras de Formigueiros o xacemento máis importante de ferro que abastecía as ferrerías de boa parte do Caurel estaba hasta primeiros do século XX cuberta de homes arrincando mineral. Hoxe en día aínda podemos atopar nestes pobos algún artesán ferreiro que aprendeu o oficio dos moitos, que no seu día, se dedicaron a traballar o ferro.

A igrexa parroquial atópase no lugar de A Igrexa e é Santa Eufemia súa patroa a quen honran os veciños na festa que se celebra o segundo ou terceiro fin de semana de Setembro.

A fermosura do seu entorno invita a facer rutas de sendeirismo ou admirar dende os seus cumios a maxestuosidade das montañas que nos rodean e o voar das aguias e o silencio que se sente en todo o val para os amantes dos deportes de risco poden achegarse a veira da estrada que une Visuña con Ferramulín e alí, nunhas rochas indicado, atópase un lugar axeitado para a escalada.

E. López



Turismo rural Casa de Hospedería **Casa CALELLON**

3 HABITACIONES CON BAÑO
COMIDA CASERA-CORDERO POR ENCARGO
PASEOS A CABALLO

Seceda do Caurel (Lugo) Tfno. 982 185 409



Colabora con a CANDEA

Si desexas anunciar o teu negocio na revista e así colaborar con ela, ponte en contacto connosco, no enderezo: Asociación "FONTE do MILAGRO" Froxán, s/n 27325 O CAUREL Lugo. Tamén nos teléfonos 982 210 128 629 412 111 ou si o prefires nos enderezos electrónicos: froxan.vila@terra.es e fondomil@hotmail.com

NOTA:

A Asociación "FONTE do MILAGRO" non se responsabiliza do contido dos traballos e cartas que se publican nesta Revista, pasando esa responsabilidade ó autor ou autores: É o noso desexo que estas follas sirvan de entretemento, e de algún xeito, dean a coñecer máis O Caurel, as súas necesidades, inquedanzas, a súa cultura e tradicións, os servizos, as fermosas paisaxes, etc. Agradecemos tódalas cartas e traballos que nos está a chegar para que nesta revista sexan publicadas, temos un número determinado de páxinas e igual nos resulta imposible sexan publicadas neste número pero tratamos que todas podan saír a luz en vindeiras edicións e así sexan lidas por quenes depositan a confianza en nos. É importante si queres que o teu traballo saia publicado, achegues os teus datos personales xunto co nº do D.N.I aínda que asines con Pseudónimo. A recepción de traballos para o vindeiro número cérrase o 31 de Outubro de 2002

Estamos a ter moitas peticións de números atrasados da revista pero están esgotados na súa totalidade, a única maneira posible e fotocopiando os que temos en arquivo, para elo si alguén desexa recibilos debe poñerse en contacto connosco indicarnos os números desexados e custear as copias e mailo envío.

Parrillada




Paredes

COMIDAS POR ENCARGO
PRODUCTOS CASEROS



PAREDES - Lóuzara - SAMOS (Lugo)
Tel. 982 546 167 - Tel. 982 546 150





LES CASTAÑAS QUIEREN EN AGOSTO ARDER
Y EN SEPTIEMBRE BEBER

ENTRE SAN MIGUEL
Y SAN MARTIN
MADURAN LAS TEMPRANAS
Y LAS TARDIAS
RESPECTIVAMENTE.

"POR SAN
CEBRIANO
CASTAÑA
EN MANO"
(REFRAN CASTELLANO)

TIENE UNA LARGA
VIDA QUE
PUEDE SOBREPASAR
EL MILENIO

- ALCANZA
LOS 25 o 30 m.
DE ALTURA

- HACIA LOS 25 o 30 AÑOS
COMENZA A DAR FRUTO
(LOS PRIMEROS, ESCABOS, A LOS 10)

- 10 METROS A LOS 20 AÑOS

AL PRINCIPIO CRECE CON
LENTITUD LUEGO TIENE
UN VIGOROSO Y RAPIDO DESARROLLO

CAE LA
HOJA

VAREZ
DEL
CASTAÑO

MADURA
EL
FRUTO

SEPTIEMBRE OCTUBRE NOVIEMBRE DICIEMBRE ENERO FEBRERO MARZO ABRIL MAYO JUNIO JULIO AGOSTO SEPTIEMBRE

A JULIO
MASCULINOS UN MES ANTES
QUE LOS FEMENINOS

FLORACION DE
LOS AMENTOS

HORTA
ENTRIZ
AGOSTO Y
MAYO

SIEMBRA

"LAS CASTAÑAS QUI TAN NU
SOUTU IGUAL SON PA MI QUI
PA OUTRU"

"LAS VOCES NU CASTANEIRO
YA LAS CASTAÑAS NU
CALDEIRU (FOXASQUEIRU
Cuelmu ecologista péscu)

INTERIOS
DE MARZO A MAYO
DE CARON, ESCUDO O PUA.

EN CHINA EL
CASTAÑO REPRESENTABA
LA FERTUNDIDAD Y LA
PREVISION, LA ESTACION
DEL OTONO, EL OESTE;
Y EN ESTA DIRECCION
ESTABA COLOCADO JUNTÓ
AL ALTAR DEL SUELO; ALTAR
QUE EN LOS OTROS ORIENTES
TENIA : UNA ACACIA POR EL N.
UNA TUYA POR NACIENTE Y UNA
CAPALPA HACIA EL SUR. (Diccionario
de simbolos - Jean Chevalier y Alain
Green-brant)



... e entre os "tesos cumes" do caurel está agochado o
monte medulio

Un pouco de Historia:

Ata o ano 27 a.C., case douscentos anos despois de entrar os romanos na Península Ibérica, e despois de múltiples intentos, estes non podían cos nativos que habitaban os montes do que é hoxe Cantabria, Asturias e Galicia. Aquí atopábanse importantísimos xacementos de ouro que Roma codiciaba con disimulo.

Fixeron publicidade difamatoria, reclutaron mercenarios por todo o Imperio, engraxaron a maquinaria de guerra e equiparon o maior exército de toda a historia de Roma. O emperador César Augusto xogouse todo a unha; el, en persoa, presentouse na Hispania ó mando de tódolos exércitos. A parte do ouro, estaba obsesionado con emular a seu tío Julio César na conquista das Galias (Francia).

As mellores lexións tiñan ó fronte os mellores legados: Antistio, Furnio, Carisio e Agripa. A flota de guerra romana ía varrendo dende a costa Atlántica e Cantábrica.

Os nativos gustáballes a táctica da guerrilla e as emboscadas, os romanos as operacións envolventes atacando dende varios flancos. Despois de múltiples escaramuzas, os Cántabros retiráronse ó Monte Araceli, os Astures ó Monte Vindio e os Galaicos ó Monte Medulio.

O Monte Medulio, que aínda non está localizado, sitúano os historiadores romanos cerca do río Sil. Posiblemente na primavera do ano 26 a.C. tres columnas atacaron este monte por tres flancos: Furnio polo Sil, viña dende os Peares río arriba; Carisio que viña dende Astorga, polo Bierzo; Paulo Fabio Máximo, saíu de Lugo e atacou pola Serra do Rañadoiro e o Cebreiro. O camiño cara o Monte Medulio foi terrible: graves e duros combates, nun terreo plagado de matogueiras con ferintes espiñas, enormes precipicios, estreitos desfiladeiros de profundidade abismal e abundantes e espesas selvas.

Os romanos non se atreveron a atacar o Medulio, decidíronse polo asedio, para iso completaron un foxo ó redor deste, de 25 quilómetros de lonxitude, co seu correspondente



valado de paus, vixiado día e noite polos soldados romanos.

Cando os nativos se deron conta da súa extrema situación, ou se entregaban ou morrían de fame, apresuráronse a buscar a morte no medio de banquetes, polo lume, polo ferro e polo veneno que obtiñan ó espremer as piñotas cocidas dos teixos. Así, case todos libráronse da escravitude, que para eles era peor cá morte.

OS PORQUÉS DESTA HIPÓTESE QUE SITÚA Ó MONTE MEDULIO NO CORAZÓN DO CAUREL:

1.- A Serra do Caurel ocupa a parte central dun macizo montañoso que está situado na parte oriental da provincia de Lugo e na occidental do Bierzo; delimitado por: o río Valcarce ata a súa desembocadura no Burbia; por este río, dende aquí, ata a confluencia co Sil; por este, dende aquí, ata a desembocadura do Lor; sobe por este ata a confluencia co Loureiro; por este ata o seu nacemento na Serra da Pena Redonda, pola Serra do Oribio, Serra do Rañadoiro e polos Montes do Cebreiro. A Serra do Caurel divide este macizo en dúas partes case iguais; levántase case de súpeto, na marxe dereita do río Valcarce e morre na marxe dereita



CLAUDIO MIGUEL


CARNICERÍA - CHARCUTERÍA

San Clodio - 22 de Julio, 25

Tfno.: 982 42 88 02

do Sil, preto da desembocadura do Lor; segue unha dirección noroeste-sureste.

Case á metade da serra, á altura da Cabeza do Couto, nace unha estribación que segue dirección noroeste. Antes de rematar de súpeto no Río Lor bifúrcase en dúas subestribacións: o Monte de Campelo e o Monte Cido.



Foso de Ataque, Carrozo da Gralleira

Esta estribación está delimitada polo Río de Moreda, o Río de Romeor, o Río Lor entre as desembocaduras dos anteriores e por un foxo que a separa da serra nai. Este foxo arranca no Río de Moreda, na confluencia do Carrozo de Pelodorríos, pasa preto das cabanas de Moreda Maior, fai cume nas Penas Millaras e descende ata ó Carrozo da Escada que aflúe no Río Romeor (Rego de Moreira). O total de foxo e ríos suma unha distancia de máis de vinte quilómetros. Este foxo correspondería á primeira fase do ataque.

2.- Atacar o Monte de Campelo non debeu ser moi difícil, os nativos refuxiaríanse todos eles no inexpugnable Monte Cido. Os romanos acortaron o cerco construindo outro foxo que enlazaba o Río de Moreda co Carrozo de Muiñelo, sempre a pouca distancia deste monte (300 mts.). Este foxo discorre polo leste de Cido durante un quilómetro e medio e polo norte case cincocentos metros. Está escavado na rocha, nalgúns sitios chega a ter unha anchura de seis metros e unha profundidade de cinco. É coñecido co nome de Carrozo da Gralleira. Esta obra descomunal, á parte do sitio da fortaleza, seguramente tiña como obxectivo intentar cortar as correntes de auga subterráneas que alimentan as fontes do monte.

O foxo arranca do Río de Moreda, á altura da aldea e atravesa esta. Sobe ladeira arriba, pasa pola esquerda da atalaia do Horto Redondo. Cruza á estrada de Visuña e cando chega á atalaia dos Liñares, torce á esquerda e baixa ó Carrozo de Muiñelo, este pasa preto do Castelo do Carbedo e remata no Lor á altura de Esperante. Suponse que os romanos, sempre que coincidía, aproveitaron os encaixados leitos de ríos e regatos.

3.- Cido é un monte mítico entre os veciños das aldeas da redonda. O seu étimo pode ser *civitate* (cidade), pero non se deben descartar *occidio* (matanza, carnicería,...),

caedere (matar), nin *occido* (de *occidere*=matar,...). Todo el en rocha caliza, cheo de covas e buratos, labirintos de penedos, enormes chairas afundidas na pedra nai que facían de Currais (dolinas), e así se chaman, a súa ermida derruída entre rebolos e aciñeiras. Suponse cheo de grandes cavidades subterráneas que brúan cando cambia o tempo. Está cruzado de atallos e carreiros

encaixados na rocha que unen os lugares circundantes: Campelo, Visuña, Moreda, Parada, Ferrería, Seoane, Esperante, Carbedo, Liñariños e o Castelo do Carbedo. Lomba alargada (tres quilómetros) e estreita, nace de súpeto na Ferrería (759 mts.), ascende suave ó Monte de Campelo onde morre (1009 mts.). No máis alto está o Castro, que con máis de tres quilómetros de perímetro é o máis extenso de Galicia. Veciños do Carbedo atoparon aquí unha aguija de bronce dun estandarte romano e unha táboa de hospitalidade que se conservan no Museo Provincial de Lugo.

4.- Non só a Mina da Toca, pódese dicir que na antigüidade o Caurel foi unha inmensa mina. Ouro, prata, ferro, antimónio, estaño, tungsteno,...foron transportados seguindo o curso dos ríos Navia e Miño ata o Mar Cantábrico e ás Illas Atlánticas, onde os pobos que se adicaban ó comercio tiñan as súas prazas. Inmensas cortas nos montes: Toca, Barreiro, Toribio, Millares, Taro Braco, Lampas, Visuña, Moreda Maior, Parada, Rogueira, Vieiros, Seara, Barrosas, Froxán, Rendar, Barxa de Lor, Folgoso, Riocereixa, Pena do Seo, Faro, Formigueiros e Queixadoiro. Minas subterráneas: Santalla de Louzara, Bustofrio, Sobredo, Ferreirós e Folgoso. Nos leitos dos ríos: Lor, Selmo e Louzara. As augas turbas delataron ós nativos e os romanos non descansaron ata facerse cos filóns.

5.- Inda que pouco estudado o macizo montañoso no que se atopa o Caurel conta coa maior densidade de covas e castros de Galicia. É asombroso que libros de historia, mui “grosos”, nos exclúan da zona de túmulos megalíticos. Lonxe e difícil pero sin as nosas páxinas non se pode completar o “Gran Libro”. As veciñas e veciños do Caurel estamos dispostos a colaborar cos especialistas como sempre o fixemos porque somos os máis interesados.

Orlando Álvarez Álvarez

BIBLIOGRAFÍA:

- LUZÓN NOGUE, José M^a. y Sánchez Palencia Ramos. Fco. Javier: *El Caurel*. Excavaciones Arqueológicas en España nº 110. Madrid. Dirección General del Patrimonio Artístico, Archivos y Museos. 1980.
- Casimiro Torres Rodríguez. *La Galicia Romana*. Galicia Histórica. Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos. Fundación Barrie de la Maza. 1982.
- *Cántabros, Astures y Galaicos*. Bimilenario de la conquista romana del norte de Hispania. Ministerio de Cultura. 1982.
- Antonio Rodríguez Colmenero. *Lucus Augusti, Epicentro integrador da Gallaecia do Abrente*. Universidade de Santiago de Compostela. 1998.

RUTA

DE FROXÁN (Caurel) A BARXA DE LOR (Pobra de Brollón)

por **PARAMEDELA**

CARTOGRAFÍA:

“Mapa Topográfico Nacional de España” nº 156-IV (SALCEDO). Escala 1 : 25.000.

DISTANCIA:

Once quilómetros e medio.

DURACIÓN:

De tres a catro horas.

DESNIVEL:

A cota máxima está na Fonte do Milagro de Froxán (Caurel), que lle deu o seu nome á nosa asociación, é de 465 mts. de altitude. A mínima na Ponte Romana de Barxa de Lor con 290 mts. Hai pois un desnivel neto de 175 mts.

DETALLES DE INTERESE:

Froxán:

É unha fermosa aldea de aspecto medieval. Disfrutaremos paseando polas súas rúas e prazas empedradas, contemplando as súas casas feitas con laxas de pizarra e barro vermello. Tomaremos uns pequenos grollos na Fonte do Milagro. Baixaremos ó fondo do lugar para asomarnos á boca do Pozo do Tesouro e tentar as súas frías e escuras augas. Os hortos aterrizados salpicados de castiñeiros, sobreiras e todo tipo de frutais. Se nos queda tempo acercaremonos á capela do Santo Estevo.

Os castros:



Na marxe esquerda do río: Castro Portela, a Roda de Xestoso e a Roda de Lamas de Lor.

Na marxe dereita: a Roda das Laceiras, a Coroa da Barxa e o Castro de Barxa.

No de Castro Portela aséntase a aldea do mesmo nome.

As minas romanas:

No río Lor e nas súas ribeiras traballouse dende tempos remotos na procura do ouro aluvional. Xa nos eidos de Froxán pódense observar multitude de socavóns e movementos de terra que hoxe son terreos de cultivo.

Antes de Castro Portela hai unha gran acumulación de pedras do río a bastante altura deste.

Nas cabanas da Pena do Reconco nótanse movementos de terra e de pedras.

A altura do carrozo de Caxardín e na marxe oposta están as xigantescas cortas de Rendar. Estas fendas están ocupadas por soutos de castiñeiros. Alí quedan os

restos da desaparecida aldea de Rendar, os sequeiros e unha ermida asomada nun penedo. Tamén preto da ermida quedan restos de multitude de tumbas.

Na Portela do Furado hai grandes socavóns.

Na Lama de Barxa podemos visitar as minas do Medo.

Paramedela:

Aquí desemboca o Río Loureiro, na marxe dereita do Lor. Atópanse neste lugar as ruínas da Casa de Paramedela, as fincas abandonadas e un fermoso souto.

Onde se xuntan os ríos está o refuxio dos pescadores e a pasarela sobre o río Lor.

É gran impacto o antigo cerre aramado do abandonado refuxio de caza, foi asoballado pola construción dunha pista forestal, mezclárono coa terra e coa maleza e representa un perigo para as persoas e os animais.

As Laceiras:

É un pequena aldea de casiñas recentemente reconstruídas polo noso amigo Fernando e a súa dona, onde viven con dous fillos. Cultivaron de novo as hortas e viñas, plantaron moitas especies de árbores e cuidan os seus animais. Adicanse tamén á artesanía do coiro. É unha illa frondosa no medio do brezal. Colgada 250



SANDRA CANCELA

C O C I N A S

RUA MANUEL MARIA 2-4 BAIXO TLF 982 203 985 e-mail:cancela cocinas@teleline.es

metros por riba do río, ten fermosas vistas o val e á montaña. Está orientada o sur polo que as abellas aquí elaboran un riquísimo mel.

Esta familia tivo que reconstruír tamén o camiño que leva á estrada de Salcedo, dista deste tres quilómetros. Desbrozaron varios sendeiros, entre eles un que baixa ata o río e segue a Barxa. Colaboraron coa asociación na limpeza e sinalización da ruta Froxán-Paramedela.

Esta familia ofrece servizo de hospedaxe.



O hábitat:

No que se refire á fauna e flora esta ruta discorre toda ela pola parte mediterránea do Caurel, coa sobreira (alcornoque) e o morcego rabudo como representantes máis xenuinos.

Medran tamén outras plantas mediterráneas: aciñeiras, érbedos (madroños), xaras, lavanda, ourego.....

Atopámonos tamén coa maioría das plantas que se poden atopar no Caurel: castiñeiros, carballos, abidueiros, ameneiros, pradairos, freixos, cerdeiras, salgueiros, abelairas, espiñeiros, sanguíños, sabugueiros, loureiros, acivros, piornos, toxos, uces (brezo), carqueixas, carpazas e unha gran variedade de herbas, mofos, fungos e líquens.

No que toca á fauna hai unha gran

variedade, maior que no resto do Caurel, debido á variedade de hábitats producida pola confluencia climática eurosiberiana-mediterránea, pola acción do home e pola diversidade topográfica. Son de especial interese pola súa rareza o bufo real, a cobra europea, a aiguiña calzada, o rocheiro solitario e o falcón peregrino. Ata fai poucos anos os veciños atopábanse con tartarugas polos soutos e carrozos. Outros animais: sapiño pintocho, garza real, anade azulón, rabo rubio real, reiseñor bastardo, choia piquibermella, gorrión muiñeiro, lebres e todo tipo de especies cinexéticas.

Os penedos:

Ó longo de todo o camiño asoman multitude de penedos e farallóns. Son impresionantes os que se ven dende Froxán na outra ladeira do canón, sobrepasan os cen metros de altura e neles crían multitude de aves de rapiña. Así algúns teñen nomes como vitureira (de voitire), pena do franxo, pena do pineireiro.

A Pena do Reconco, a altura de Castro Portela na marxe dereita, de paredes totalmente verticais, con máis de setenta metros de altura quedará para xempre na nosa retina. Detén e fai apartar o río, faise un pantano de augas escuras e caladas e o camiño case toca a auga.

Outros penedos: Castro portela, o Nariz Furado, o Alto da Erbedeira, as Penas do Castelo, A Coroa de Barxa.

O río Lor:

Acompañanos cerca do camiño. Corre a súa auga de pozo en pozo, case sempre escuros, as augas limpas e as áreas brancas.

En Paramedela cambia o seu xeito de discorrer: o leito é máis ancho e chan, corre suave e continuamente coas augas estendidas, non hai tantos pozos; a rocha nai non asoma no fondo, está tapada de pedras e áreas.

Antes de facerse as estradas baixábase a madeira polo río, en grandes apeadas, ata a Labrada.

Na antigüidade o Lor era a entrada natural do Caurel: dúas vías paralelas por ambas marxes comunicaban castros e explotacións mineiras. Os romanos fixeron en Barxa de Lor unha ponte de tres arcos que inda se utiliza para cruzar o río.

PERCORRIDO:

Resumo:

De Froxán á Paramedela discorre o camiño pola marxe dereita do río.

En Paramedela podemos: seguir pola marxe dereita, subir ás Laceiras pola pista de terra e logo baixar á ferrería de Barxa; ou ben cruzar a pasarela e pola marxe esquerda, á beira do río, chegar á pasarela da Ferrería de Barxa, cruzamos e xuntámonos cos que elixiron a variante das Laceiras.

Dende a Ferrería seguimos pola dereita do río ata Barxa de Lor.

Percorrido en detalle:

Se chegamos a Froxán en coche, entramos na aldea pola parte superior. Pasamos á esquerda da Fonte do Milagro, á dereita da Aira, vinte metros despois collemos o camiño da dereita que nos saca fóra das casas e acaba xuntándose co outro que vén da parte inferior da aldea e que enlaza co que leva á aldea de Vilar do Caurel. Nesta bifurcación collemos á dereita. Un pouco máis e chegamos a estrada asfaltada que leva á Castro Portela, collemos por ela á esquerda. Despois de 200 metros pola estrada, na primeira curva está de novo o noso camiño que sae pola dereita.

Descende case sempre ata a Pena do Reconco. Bordeamos a rocha e aparecen as Cabanas de Reconco. Levamos 2,5 quilómetros de camiño. Pasamos dúas cabanas pola esquerda e as seguintes pola dereita. Unha pequena subida en "Z" e o camiño segue ó río a media ladeira.

Pasamos dous regatos (Regueiro e Caxardín), facemos outra pequena "Z", cruzamos un piñeiral e saímos a unha pista de terra onde collemos á esquerda. Dende a primeira curva que facemos na pista vese, abaixo, o refuxio de pescadores e a pasarela de Paramedela. Douscentos metros despois saímos da pista pola esquerda, baixando polo monte xusto á esquerda dun cerre metálico ata encotrar o sendeiro. Cruzamos a ponte do río Loureiro e saímos á pista de terra que sobe ás Laceiras e Salcedo. Xa percorremos 6,5 quilómetros. Aquí temos dúas opcións para chegar á Ferrería de Barxa:

A.- Seguir á dereita, subir ás Laceiras e dende aquí baixar a Ferrería.

B.- Esquerda, baixar ó río, cruzar pola pasarela e continuar pola marxe esquerda á beira do Lor. Na Ferrería hai outra pasarela que nos permite volver á marxe dereita.

Fixemos 10,5 quilómetros, quédanos un, que faremos pola dereita do río ata a Ponte Romana de Barxa de Lor. Nesta ponte remata a ruta.

ORLANDO ÁLVAREZ.

ASERRADO DA MADEIRA



Un dos fins que a Aso-ciación "FONTE DO MILAGRO" ten é a recuperación e mostra de actividades e traballos que habitualmente se realizaban no Caurel e que tiñan arraigo e unha repercusión na zona, hoxe actividades esquecidas ben pola pouca rendibilidade ou pola chegada da maquinaria que alixeiraron ou fixeron esquecer estas labores. Dende fai máis de 40 anos non se facía o serrado da madeira de

xeito manual; aínda que só foi unha pequena mostra, serviu para ensinar ós máis novos e lembrar os maiores unha actividade tan usual na zona ó longo dos séculos.

Non resultou sinxelo atopar os trebellos necesarios para levar a cabo a faena. As serras, que antano se usaban case a diario, acabaron nos vertedoiros ou servindo de cerre nalgunha finca; se algunha se conservaba nun faiado ou palleira, atopábase nunhas condicións pouco óptimas para seu uso. Despois de percorrer varios lugares, atopamos a serra e o serrador axeitados. Foi en Parada de Montes, no Concello de Pobra de Brollón, alí vive Manolo do Mazo que, os oitenta anos, lembra, e con moita morriña, aquelas xornadas de serra de fai 40 anos, ou máis como el nos conta. Cando nos puxemos en contacto con el para que nos ensinara as técnicas e trucos do serrado da madeira e participar nela, o primeiro que nos propuxo foi que tiña que acompañalo Evaristo de Froxán, xa que el fora compañeiro de batalla nesto da serra durante moitos anos e os dous xuntos pasaran xornadas inesquecibles e entendíanse á perfección. Falando con el notábase a emoción que lle facía o lembrar aqueles tempos. Temos que agradecer a atención que connosco tivo en todo momento e que foi base para que a mostra fora adiante. Preparou a vella serra que fai moitos anos gardara no faiado, envolta en graxa para que se conservara en bo estado pero sen imaxinar que algún día voltaría serrar con ela, con un afiado perfecto e uns mangos de madeira feitos de novo... ¡de buxo nada menos!

Xa, coas serras e serrado-res localizados, tiñamos que poñernos a montar a *estada* (lugar de onde se coloca a madeira para o seu serrado). ¡E tivemos que acudir tamén a algún experto! nós endexamais viramos, nin sabiamos como era unha angarela destas. Para isto contamos con Evaristo de Froxán que nos encamiñou na construción da estada, explicándonos os pasos a seguir para

montar tan liso trebello, pero tampouco resultou tan complicado como nos pensabamos.

O importante, chega o día da mostra! Unha morea de xente espera arredor da *estada* para poder coller o sitio máis axeitado donde poda ollar mellor a faena. O 18 de Maio ben parece unha romaría en Ferreiros de Abaixo. Dende primeiras horas da mañá o lugar vaise enchendo de xente: prensa, curiosos, estudiosos de vellas profesións que esperan que os mestres empecen a traballar, etc.

Chegan os protagonistas, como si nos anos 50 nos atopamos coa serra ó lombo e tódolos útiles necesarios: **Escuadra, Machado, Lizador, Plomada, Martelos, Gatos** e unha chea de aparellos que ninguén sabe para que serven. Todos ansiosos por ver comeza-la mostra e nos din que tranquilos, que o proceso é largo e hai que comezar polo primeiro... e isto é: escuadrar a madeira, (facerlle unhas caras á *torada* a serrar), logo o marcado, cuestión esta que require habilidade e mestría... unha medida mal feita da con todo ó traste. Hai que plomar ben para que coincidan as liñas de arriba coas de abaixo, comentan, e alí ves cámaras e cámaras de foto e vídeo, immortalizando aquel momento, como si dun descubrimento se tratase; apenas os profesionais podían exercer; a curiosidade de moitos facíalle complicada a labor do marcado. Aínda se lembraban!..., a marca saíu perfecta! Xa se pode subir a *torada* á *estada* e comezar o máis ansiado, ver como dous homes turran da serra: un debaixo e outro enriba, e pouco a pouco van facendo táboas. Non resulta nada sinxelo, algún atrevése a probar, pero ve que non resulta tan fácil como parece, son contados os que dan 6 ou 7 brazadas seguindo a marca; mentres que os vellos fano cunha facilidade pasmosa e cos ollos cerrados como si calquera cousa fora!. Tamén se apunta Luis dos Poles de Vilamor e fai mostra do seu coñecemento na materia e di que fixo miles de táboas serrando co seu pai cando aínda era un neno e lle custaba mover a serra de baleiro; tamén se emocionan ó lembrar aqueles anos.


Pouco a pouco rematan a primeira *torada*, hai



CHIMENEAS
Hogar Confort

**CHIMENEAS FRANCESAS
RECUPERADORES DE CALOR
ESTUFAS, BARBACOAS, ETC.**

Ctra. N-VI, Km. 399 - Tel. y Fax: 987 562 717
24550 VILLAMARTIN DE LA ABADIA (León)



que tomar forza... que mellor que unha carne á grella e un grollo de viño; así que faise unha parada, son as dúas e xa vai sendo hora de xantar. A organización preparaba unha pancetada que, a un simbólico prezo, podía degustarse acompañada de bo viño... e como recordo do paso por esta celebración: unha xarriña de barro.

*A continuación van uns versos que escribiu para tal ocasión
Urbano Arza Sánchez de Folgoso*

Serra Serriña,
que vas entrando suaviña
comendo a toradiña,
coa axuda da botiña.

Así vai pasando a mañanciña,
esperando dormir a sestiña,
un roncaba e outro soñaba,
¡Ai Manolo que táboas máis
boñas e dereitiñas!

O de arriba canta,
o de abaixo asubía,
facendo música
co son da serra ou da serriña.

Urbano Arza (O NINO)


ARENAL
 PERFUMERIAS

• Droguería • Parafarmacia • Dietética • Alimentación Infantil

ARENAL ES MAS BARATO

Calvo Sotelo 93-95
- SARRIA-

Rúa Cardenal 33
- MONFORTE-

Central: Polig. CEAO - Calle Industria, 94 - 27003 LUGO
Tfno.: 982 20 70 46 - Fax: 982 20 71 14

1º CERTAME DE PINTURA RÁPIDA Ó AIRE LIBRE NO CAUREL



Por un día O Caurel viviu unha xornada de colorido. Dende a Asociación “FONTE do MILAGRO” tiñamos a inqueda de xuntar artistas e mestres da pintura que puideran plasmar a beleza e variedade paisaxística do Caurel e para elo organizamos o dito Certame, ó que dimos o nome da asociación. Fíxose un chamamento a pintores, a asociacións de artistas plásticos, non so de Galicia, e a resposta foi exemplar. O 22 de Xuño xuntáronse artistas chegados de varios puntos da nosa Comunidade Autónoma, de Asturias, León, Valladolid, Zamora,

etc. Pintores de calidade recoñecida que quixeron achegarse para levar ó lenzo calquera recuncho da Serra xa que, segundo eles, calquera sitio ten encanto no Caurel.

O Certame deu comezo ás 9 da mañá. En Folgoso e Seoane recibíanse ós artistas para a súa inscrición e selado dos lenzos; hasta as 11 horas, que se pechaba a inscrición, pasaron medio

cento de participantes que foron espallándose e buscando sitio onde realizar o seu traballo; uns escolleron as estreitas rúas e casas de pedra, outros o verdor da paisaxe nestes días, en calquera sitio era fácil atopar un cabaleta e un artista pasando, o que ollaba a un lenzo co seu estilo preferido. O traballo remataba ás 6 da tarde, hora fixada para a súa entrega en Ferreirós de Abaixo, onde un xurado, composto por cinco membros todos eles relacionados como mundo da arte e de prestixio recoñecido, valoraban as obras para escoller as premiadas, labor que, segundo eles, foi moi complicada dada a calidade dos traballos e que os tivo reunidos 2 horas para deliberar e escoller o que sería o primeiro premio e 2 Accessits para a Categoría A. O primeiro nesta Categoría foi para **Lupicinio Hernández de la Cruz de Ponferrada (León)** que plasmou unha paisaxe Caurelense nun lenzo de 145 x 115 Cms. e con el gañou 900 Euros, trofeo e diploma. Os accessits foron para **Miguel A. Martínez Macia de Lugo** e **Manuel Angel Carreira Varela** tamén de Lugo e que se levaron 300 Euros de premio cada un. Na categoría B

(Pintores Locais) e para o que había un premio de 200 Euros, o xurado decidiu deixalo deserto. Na categoría C (Pintores de 12-14 anos) o primeiro premio foi para **Teo Chousa Arza**, o segundo premio para **Brais Chousa Arza ámbolos dous do Caurel**. Na Categoría D (Pintores de 7-12 anos) o primeiro premio foi para



Aitor Randeiro Álvarez de Ponferrada (León) e en segundo lugar **Laura Pérez Santamaría de Avilés (Asturias)** na Categoría E (Pintores de 0-7 anos) a gañadora foi **Lara Álvarez López de o Caurel** e segundo **Nuno Muñoz Seijas de Lugo**. Os premios para as categorías infantís foron material de pintura e agasallouse tamén a tódolos participantes nestas categorías. Fíxose entrega de diploma de participación a tódolos inscritos. Logo da entrega de premios,



Información e reserva:

www.granjadebarreiros.com

Granxa de Barreiros - SARRIA - Lugo

Teléfono: 982 533 656

Fax: 982 533 864



Granxa de Barreiros

20 hectáreas de terreo para disfrutar dun ocio alternativo, en plena natureza con aloxamento e nun ambiente familiar.

Curso 2001 - 2002

VACACIÓNS PARA RAPACES

Semana Santa do 23 ó 27 de marzo

FINS DE SEMANA PARA FAMILIARES
27 e 28 de abril. / 8 e 9 de xuño

COLONIAS DE VERÁN

Do 30 de xuño ó 12 de xullo.

Do 14 de xullo ó 26 de xullo.

Do 28 de xullo ó 9 de agosto.

Do 11 de agosto ó 23 de agosto



prazas limitadas

actividades educación ambiental ó longo das 4 estacións

natureza . sendeirismo .
agropecuarias . obradoiros
animación . etnografía galega



ofreceuse un viño e aperitivo a tódalas persoas que nese momento se atopaban no lugar, entre tertulia, e nun ambiente típico dos artistas, facíase valoración da xornada que remataba co 1º Certame de Pintura Rápida ó Aire Libre. A partires

desta data e hasta o 22 de Xullo as obras estarán expostas no Caurel para quepodan ser olladas e, ó mesmo tempo, poden mercarse xa que algúns artistas xa fixaron prezo para a súa. Algunha xa foi vendida o día do Certame.

Feita a valoración, e vendo o éxito da convocatoria, a comisión organizadora formada por membros da Asociación Sociocultural "FONTE do MILAGRO" ponse dende este momento a traballar para a próxima edición.




Manuel A. Carreira Varela
(Lugo)

A Asociación "FONTE do MILAGRO" organizadora deste Certame agradece a colaboración de quen confiou neste proxecto e que en boa parte participaron no éxito do mesmo.

CAIXA RURAL GALEGA
CONSELLERÍA DE CULTURA Delegación de Lugo
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
GALERÍA SARGADELOS DE LUGO
ESCOLA DE ARTES APLICADAS DE LUGO
CAIXA GALICIA Oficina de Seoane O Caurel
Bar O PONTÓN de Ferreirós de Abaixo O Caurel
URBANO ARZA S.L. de Folgoso O Caurel
INTERFILM Lugo (Pazo da Maza)
Bar VEYMA de Folgoso O Caurel
Bar NOVO de Folgoso O Caurel
PEPA Arte de Lugo
Casa FERREIRO de Seoane O Caurel
Bar GLORIA de Seoane O Caurel
Bar-Pub HYDRA de Seoane O Caurel
Supermercado POMBO de Seoane O Caurel
Supermercado JATO de Seoane O Caurel
Tenda FIDEL de Seoane O Caurel
Acampamento O CAUREL Esperante O Caurel



Miguel A. Martínez Maciá (Lugo)



COSTAS ASESORES

COSTAS ASESORES

Plaza de España, 29 - 1º D
Telf.: 982 22 10 07
Fax: 982 24 60 06
27001 LUGO


ITH CONSULTORES

Area Central de Fontiñas
Plaza de Europa, 15 A - 6ªA
Telf.: 981 57 29 19
Fax: 981 57 17 32
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

AUDITGAL AUDITORES

Obispo Aguirre, 4 - 1º Izqda.
Telf.: 982 25 14 00
Fax: 982 25 15 07
27001 LUGO

NOVONEYRA II Parte



“Tralas pegadas do POETA DO COUREL Uxío Novoneyra”. 1º parte. (1930-1967)

“Tralas pegadas do POETA DO COUREL, Uxío Novoneyra”. 2ª parte. (1967-1979)

O 11 de xullo do 67 a Voz de Galicia recolle “**Apoloxía Póstuma**”, lembranza de Novoneyra a María Mariño. O “Diccionario de Literatura portuguesa- brasileira e galega”, dá conta dos autores galegos contemporáneos, traballo que asinan Lugo e Guerra Dacal. Tal diccionario, referencia a Uxío Novoneyra e di :-(...) “*deu-nos tão só “Os Eidos”(1955), mas a súa originalidade na lírica galega consagrou-o como extraordinario poeta*”(…). A primeira edición do diccionario galego- portugués e brasileiro, só fala da poética intimista de Uxío, mais estraña que a edición do ano 97 de MF -editor de Porto-, non engada os cambios que dende o 67, sufriron os poemas do poeta da serra ó implicarse de cheo na problemática político-social galega.

“**Dictadura porta xorda**”, “**Elexía instantánea a Ernesto Guevara**” e “**Pranto polo Che**”, son as ladaíñas que Novoneyra chora pola morte do Che, acontecida o día 8 de outubro do 67 en Bolivia (Na Higuera): -(...) “*Nin pra ti teño outra voz*”(…) -reza un dos poema de Uxío. Era o comezo da revolución poética de Uxío que, en maio do 68, súmase á loita dos estudantes de Compostela que secundan o maio francés. Os estudantes toman as rúas de París, Daniel Cohn Bendit, de alcume “Dany o vermello” loita sen tregua nos disturbios parisinos. Sartre deixa ós soviéticos e adhírese ós maoístas, e na afastada serra do Courel, Novoneyra busca os vellos poemas chineses que leu na mocidade, e atopa a través da natureza, a esencia do pobo.

Os asasinatos de Luther King e de Kennedy en abril e xuño, preocupan ós circuitos intelectuais. Nos cafés composteláns coméntanse en voz baixa as andaiñas de Angela Yvonne Davis, alumna predilecta de Marcuse, e algúns que volven de América fan mención ó “Black Power” e ás panteras negras. Novoneyra dende o seu microcosmos persoal de Parada preocúpase do que acontece alén das fronteiras, a guerra do Vietnam é un dos temas que máis desacouga o poeta, ata o punto de saír publicado na revista “Triunfo” o poema “**Con Vietnam**”, o que deu pé a que a “revista exterior de poesía hispana” inclúa o “**Vietnam canto**” entre os poemas elixidos, poema que, segundo algúns estudiosos novoneyranos, foi editado en América, anque o propio Uxío se encargou de aclarar que o “Vietnam” fora editado en Barcelona. Dende Nova Iorque o Barcelona, o “Vietnam canto”, voou a ceo aberto como os chorros de auga que noutrora arrastraron o ouro da Mina da Toca. Os versos doentes do poeta da serra alertaron sobre a crueldade da guerra, os que como no berro de Munch tiZan as orellas pechadas..

(...) *Unha vez por cada morte/Vietnammmmm. (...)Hastr’o berro que te acusa USAUSAUSA(...)*. Na década dos 70, os poemas de Novoneyra marcaron as pegadas da liberdade. Naqueles tempos, o poeta do Courel deu unha serie de recitais poéticos nas capitais galegas, tiveron grande sona os da Coruña e Vigo, aínda que o recital de Pontevedra se suspendeu por orde do goberno. Os recitais de Uxío Novoneyra convertéronse en macro manifestacións, e os seus poemas, o berro contra o silencio dictatorial: (...) “*De tanto calar xa falo solo*”(…).

Sen dúbida eran *¡ malos tempos para a lírica...!*.

Por aquelas datas, o profesor Alonso Montero, na segunda edición da antoloxía “*Os cen mellores poemas da lingua galega*”, elixiu “**Courel, Aire Amigo**”, como referencia da obra poética de Uxío, mais xa daquela o profesor do Instituto de Lugo chegou a cuestionarse

-¿ Está xustamente representada a poesía de Novoneyra?, ¿ fixen ben en omitir a súa veta cívica?. Tal dúbida estaba totalmente xustificada, xa que naqueles momentos, Uxío xa era un dos poetas de fala galega con máis conciencia social, sempre preocupado polos colectivos máis desfavorecidos. En setembro do 71, dende O Courel, Uxío escribe “**Galicia teima a vida- Poema mundo Laxeiro**”, poema que sairá publicado no ano 85 na revista ourensá “Follas Secas” -(...) “*soñar, soñar tódalas cousas pra ter unha a unha/ terra cativa e tanta/(...) Agardar ós que volvan agardar outra hora agardar agardar*”(…)

Mais o 71 non vai ser bo ano para a casa da Fonte. A casa grande de Parada vístese de loito polo pasamento do pai de Uxío, o seZor (...) *José de Parada*. (...). Dous anos despois, fina Manuela Neira, a nai do poeta...Cos pais vanse as lembranzas de Parada do Courel e mailos “*Camiños de Pacios do Señor*”, onde, a carón do Cebreiro atópase a casa matriarcal do trobador da serra.

O pasamento dos pais, leva os tempos das mallas nos que Uxío cando era neno, levantábase cedo para ir gadañar co seu pai. Cos pais vaise o “segredo da toupa”, o segredo mellor gardado da familia Novo, “o segredo da toupa do tío Manoel”, un republicano a quen, durante a guerra civil agacharon os proxenitores de Uxío nunha das cortes da casa de Parada, a que está baixo o balcón



Hospedería Bar

FERREIRO



- **Habitaciones con baño**
- **Comidas de la zona**

Telf.: 982 43 30 65 - 982 43 30 23
Seoane do Caurel (Lugo)



pequeno. Mais coma flor do castirol, a vida seguiu a tecer días de nevarada e vento e aínda que os tempos pasados nunca volven, os recordos perduran para sempre e son eses recordos os que o poeta da serra escribe unha e outra vez nos seus saudosos Eidos. -(...) *Ando limpando a casa de cacharros e trastos(...) Ando a tocarlles as maos ós antepasados(...)*. Tal reflexión aparece nunha das múltiples reedicións dos Eidos.

Co renacer dos versos, renace a vida, e a sabia nova dá como froito a imperiosa implicación na problemática social. O poeta utiliza a escrita para delatar a morte a tiros de dous obreiros do Ferrol: Amador Rei e Daniel Niebla:- (...) *"Erguéstevos cedo aquel día"(...)* 10-marzo-72

Mais todo non é negro na vida de Uxío, o 73 é bo ano para o poeta: Contrae nupcias coa súa namorada, a enfermeira destinada no Courel **Elba Rei**, quen será inseparable compaZeira e amiga

durante o resto da súa vida. A parella vai ter tres fillos: (...) *"Branca, Uxío e Arturo quédanse no futuro"(...)*, fillos que o pai inmortaliza nos Eidos, e que na reedición do 74 titula: **"Eidos 2" letanía de Galicia e outros poemas**", aquela edición correu a cargo da editorial Galaxia, con ilustracións do xenial pintor Laxeiro. Aquel poemario vai dedicado ós pais do poeta e a *"Maria MariZo para sempre"(...)* (...) *Serra aberta/ Inmersa antiga herencia(...)* Páx 11.

O xornalista lucense Juan Soto e o escritor X. Xulio Válcárcel disertan sobre "Os Eidos-2" dende as páxinas do "Progreso", salientando o último a evidente relación entre a natureza e o home, nos sentidos poemas novoneyrianos. "Os Eidos" e os "Eidos 2" dan a razón a Michel Deguy no seu libro "Poésie n'est pas seule" quen afirma que nalgúns ocasións as obras abren un mundo novo ó lector, sempre que as páxinas dun libro: (...) *"ofrezan un mundo no que vivir fóra do libro(...)* Gracias á relación mantida con el". Os poemas de Uxío, convidan a cruza-la porta da serra e peneirar a pasaxe secreta da poesía, a entrar no sendeiro telúrico que conduce o submundo courelán. (...) *Tendo o meu silencio/ e paro o tempo(...)* *Eu son esta coor de soidá"(...)* Os Eidos.

Mais outros son os versos encadeados na métrica rítmica da **"Letanía de Galicia"**, o poeta deixa o canto da natureza para adentrarse na problemática social galega, o rezo, racha a serra dende o Pía Paxaro cando di: -(...) *Galicia digo eu un di GALICIA(...)* *Galicia decimos todos GALICIA(...)* *"Galicia/ ata os que calan din Galicia"(...)*.

A morte de Franco no 75 abre a fiestra da liberdade. Uxío respira fondo e, aspira os sentimentos que subxacen en cada un dos seus versos.

Os días 9 e 16 do mes de marzo do mesmo ano, Miguel González Garcés dende A Voz de Galicia fala da poética de Uxío ó reivindicar que (...) *"a alma é un estado de linguaxe"(...)*. O día 9 do mesmo mes de marzo e dende o mesmo xornal, Herminio Barreiro asina un ensaio-crítico poético que substitula: "Carta aberta a Uxío Novoneyra e a Galicia" ó que suma o ensaio "Realismo subxectivista en Galicia: Pimentel, Tovar, Novoneyra", análise da situación poética. Anos máis tarde, o propio Barreiro asinará "Aqueles anos de Brais Pinto con PatiZo"(1959-1964), no que fai referencia ós anos en que o autor estreitou lazos de amizade co grupo artístico e levouno a coZecer ó poeta do Courel. O 9 de marzo, a Voz de Galicia recolle o traballo "Figuracións-Uxionovoneyra" que asina o pintor Luís Seoane e a revista Nordés, que dirixía a poetisa da mariZa lucense, Luz Pozo Garza inclúe os sempre novos poemas do cantor do Courel.

No 76, X.L Méndez Ferrín no poemario "Pólvara e Magnolias", evoca a relación de Uxío cos caneiros de Betanzos- (...) *"Polos caneiros de noutroza"(...)*. E no mesmo poemario, Méndez Ferrín fai referencia á tradución dos poemas de Mao polo poeta da serra- (...) *"Un longo Confucio contemplando o devagar do Novo Neira"(...)*.

O tomo 22 da Gran Enciclopedia Galega, fai un interesante achegamento á vida e á obra de Novoneyra, o traballo asinado polo

**TAXI Y
SUPERMERCADO**

ALEJANDRO

FOLGOSO DO CAUREL (Lugo)
Tfno. 982 43 30 87

**Y PANADERIA
CASA PUENTES**

Francisco Javier Castro Fernández

C/ Carreira, 1
FOLGOSO DO CAUREL
27325 (Lugo)

Teléf. 982 43 30 87 - 982 43 30 36
Móvil 608 98 70 82

casal de estudiosos lucenses novoneyranos Carme Blanco e Claudio Rodríguez Fer, é unha das indispensable referencias para os que sigan as pegadas do poeta caurelán. Xa entrado o 77, o arpista e cantor Emilio Cao saca á luz o disco "Fonte do AraZo", no que está presente a composición "Chegando ó Courel", na que fala do achegamento do músico-cantor coa serra. O encontro preludia a xuntanza que, anos mais tarde, terá como froito a colaboración músico-poética: Uxío Novoneyra- Emilio Cao. Por aquelas datas créanse varios grupos poéticos como "Cravo Fondo" formado



polos poetas Ramiro Fonte, X L Válcárcel, X P Barrio, XM Válcárcel, H Villar Janeiro, X R Paredes, etc, sen que falte a presenza do poeta de Lóuzara e amigo de Uxío: o malogrado Fiz Vergara VilariZo que tanto valoraba os poemas de Novoneyra. Outros grupos como "Rompente" invocaron a lírica, o que fixo a Uxío crer que por fin; chegaran bos tempos para a lírica.

No ano 77, no libro "Galicia no corazón", -homenaxe a Ben-Cho-Shey", o xornalista lucense Juan Soto, evoca a época madrileña do poeta do Courel- (...) "*Novoneyra había encontrado un pequeño empleo en TV, su programa "Poesía en Compostela" cerraba las emisiones del día*". (...) (sic). Mais no ano 78, Novoneyra fai unha viaxe que une o corazón de dous poetas. O motivo é a homenaxe a Federico García Lorca en Granada, para a ocasión Uxío escribe "

Viaxe a Al Andalus" (...) *Fora a Granada ó pazo de auga*(...), versos que engade Eduardo Castro en "Versos para Federico" edición da Universidade de Murcia do 86, poemas que recolle o escritor lucense afinado en Granada, Andrés PociZa no libro "Galicia e Granada: Dous Cabos dun eixo espiritual", de edicións do Castro. Por aquelas datas o nº67 da revista Grial publica un traballo de C. Rodríguez Fer sobre "O fonosimbolismo na poesía de Novoneyra". Cara o 79, con prolegómeno do pintor galego Reimundo PatiZo, sae á rúa a edición do Grupo Brais Pinto dos "**Poemas caligráficos de Novoneyra e Vietnam Canto**". Nos poemas manuscritos na virxinal paisaxe do papel en branco, destaca a singular grafía de Uxío, que fai lembrar certa semellanza cós cancioneros medievais galego-portugueses. Ó fin, Novoneyra é o "trobador do Courel" por excelencia, e como tal, deixa o signo gravado, na druídica soidade da serra. A saudade do vieiro polo carreiro da veneira, o camiZo da braZa ó son das fontes da Rogueira. Os poemas de Uxío reivindicaron as chamadas do home dende a soidade en compaZía, á soidade do home na inmensidade da serra e viceversa, e como di PatiZo no seu prologo dos Poemas Caligráficos, "Signos no Tempo signos no vento"- nos Cadernos da GadaZa de Brais Pinto, baixo o Nº1.- "*(...) O signo é un vieiro que vai dende a colectividade ó home soio e dende o home soio á colectividade*(...). Naqueles tempos, os poemas de Uxío axudaron a moitos a atopar o camiZo, e aínda que, o daquela xovencísimo escritor Manuel Rivas parafraseaba dende as páxinas da "Hª e futuro da música e a canción galega"- (...) "*E é posíbel que nengunha xerazón vaia do Courel a Compostela por terra liberada*"(...), o certo é que, se equivocou o autor do "lapis" e os "comedores de patacas", equivocouse o agora célebre escritor na parafrase dos versos de Uxío. Os camiños do Courel están a ser cada vez máis transitables, viaxeiros da asociación Fonte do Milagro encargáanse de arranxar os camiZos que dende O Courel levan a Compostela. CamiZos cheos de silveiras que ecoan o vento que fai bailar as arbores-... (*agallopa agallopa cabalo novo*(...)) "Do Courel a Compostela". U. Novoneyra. Ed Sotelo Blanco.


Mercedes Vázquez Saavedra.

O Courel. Primavera 2002. (Continuará no vindeiro número)



CASA RURAL BONIFACIO

6 Habitacións con baño - Cociña tradicional
Fermosas paisaxes da Montaña do Lor
Vilar de Lor, Quiroga -Lugo Tlf. 982-185449



Serigráfica
ARGENTINA

IMPRESIÓN SOBRE TODO
TIPO DE MATERIAL

C./ Flor de Malva, 21
Tel. y Fax - 982 20 21 93
Garabolos - Lugo

TEATRO EN BUSTOFRÍO



Vai xa para oito anos que en Bustofrío, de maneira ininterrompida, representamos unha obra de teatro no mes de agosto. Facemos coincidir a obra de teatro coa festa, aínda que a obra escenifícamola o véspera, sempre e cando o tempo o permita.

Os "argalleiros" de todo isto, por chamarlles dalgún modo, foron o Pepe do Campo e o Fiz e a eles sumámonos uns cantos máis que temos en común a afección ó teatro. A colaboración e entendemento entre Pepe e Fiz Vergara Vilariño vén xa do ano 1979 cando escenificaron na festa de Santalla "As pulgas nunca dormen", da autoría de Fiz. Mais o gusto polo teatro ós de Bustofrío vénnos de lonxe: polos anos corenta do pasado século representaron na casa de Juan Ramón da Ponte de Lóuzara "O mercader de Venecia", unha obra de William Shakespeare que obtivo moito éxito daquela.

Pero, volvendo ó rego, foi polo ano 1994 cando Pepe do Campo se atreveu a traballar cos rapaces de Bustofrío e Santo Sidro que non tiñamos experiencia ningunha no mundo do teatro. Mais a inexperiencia fómola suplindo con voluntarismo e dedicación. Só así se entende que despois de oito anos pasáramos xente tan dispar como rapaces/rapazas do lugar que compaxinamos o traballo nas nosas casas cos ensaios, actores que viñan diariamente desde Sarria, Savane do Courel ou A Casela. Tamén contamos coa presenza de veraneantes da aldea e doutras latitudes como tres cataláns e unha rapaza de Colombia. Esta diversidade tamén afectou ás idades xa que tivemos desde unha nena de sete meses ó seu avó, o señor Bautista, con 94 anos.

A primeira obra representada foi "O muíño vello nunca morrerá". Despois viñeron "A traxicomedia dos peidos do demo", "Cando a morte baixa a Milrosas e neva a retortoiro" e o ano pasado "As pulgas nunca dormen"; todas elas da autoría de Fiz.

Fiz acudiu á representación de todas elas ata o momento do seu pasamento. Cómpre dicir que ó rematarmos a representación do primeiro ano comprometeuse a escribir outra obra para o ano seguinte, compromiso que foi cumprindo nos anos sucesivos; só a súa morte impediu que aquel mesmo ano de 1997 estreáramos outra obra que, como el mesmo nos dixera, "estaba xa no meu maxín".

Ademais destas obras do Fiz, tamén dramatizamos outras como "O achado do castro" de Manuel Núñez Singala, "Encol da morte do Bieito", que é un conto de Rafael Dieste, poemas de Rosalía de Castro como por exemplo "A xustiza pola man", poemas de Uxío Novoneira como "A letanía de Galicia" ou tamén poemas escritos polo Fiz.

As representacións fixéronse sempre ó aire libre, na terraza da casa do Pepe, e a entrada foi sempre gratuíta. Isto, loxicamente, fíxonos gañar un marco incomparable, cun patio de butacas do máis enxebre que permite romper esa fronteira público-actores que hai nos teatros convencionais. Porque, iso ante



todo, o noso é un teatro interactivo, si, esa palabra que está tan de moda para referirse ás novas tecnoloxías. Interactivo no sentido de facer partícipe ó público; nunha obra tivéronnos que axudar a levar a caixa do morto, co morto dentro, por suposto; noutra ocasión había unha voda das de antes onde se brindaba e os padriños daban tabaco ós brindadores e torta ó resto do público e qué dicir cando un ano cantamos todos o poema de Fiz "Cantiga ó meu muíño" que musicou o grupo A Quenlla.

Interactivo, tamén, porque os nosos veciños e mesmo xente doutras aldeas, entre eles a familia do Fiz, prestáronnos material para facer decorados.

Son tantas as vivencias, as anécdotas e os lazos afectivos que colleitamos que sería moi difícil traelas todas a este anaco de papel. Por iso, este ano, se o tempo o permite e non hai contratempos extraordinarios, tamén subiremos ó escenario este ano para cumprir con esta cita cultural que se mantén ano tras ano gracias á fidelidade do noso incondicional público. É gratificante xuntar dúas centas persoas como o ano pasado ou aquel ano que chovía a chuzos media hora antes de representar a obra e había vinte ou trinta persoas agardando debaixo dos paraugas ou de sacos de plástico. Isto é o que mantén acesa a chama desta escola de teatro que, modestamente, pretende achegar a cultura a calquera recuncho da Lóuzara Xabreira á que tanto cantou o noso amigo e compañeiro Fiz Vergara Vilariño.

Vémonos o 24 de agosto á noite. A cita é en Bustofrío. Non faltes.

XULIO PÉREZ PEREIRAS

 **MORENO** 

No antigo obradoiro do pintor **Avari**. **MORENO** invita a viño doce a tódolos amantes do **CAUREL**, non fai falla máis que acreditarlo

ARMANI-MOSCHINO-CALVIN KLEIN-DKNY-CUSTO, TOMMY, e moitas marcas máis.

Moreno. • C/Marqués de Ugena, 40 **Sarria** (Lugo) • Tfno.: 982 530 791

UN GAITEIRO GALEGO EN UJUÉ

Vou reproducir un artigo dun bo amigo meu, un grande historiador, cal é Manuel López Lacalle (conto co seu permiso para facelo), e paréceme moi a xeito porque fala dun lazo que une Caurel cun pobo de Navarra, Ujué.

Ujué é un antigo pobo de Navarra que garda a súa estrutura e aspecto medieval. Un pobo moi fermoso que entre as súas rúas empinadas conserva o sabor dos tempos do medievo.

Traemos Ujué á revista A Candea porque na portada norte da igrexa, nun capitel corrido, aparece esculpido un gaiteiro galego. Na arte galega, segundo me



Este músico, que semella un txistulari, atópase, xunto con outros tres, na igrexa de Meiraos de Caurel

contaron, é frecuente a representación de gaiteiros, normal por outra parte, ó ser o instrumento galego por antonomasia. Mais que apareza nun pobo de Navarra é algo realmente estraño e sorprendente.

Cando comezaban a apertar as primeiras calores de xuño do ano pasado, durante unha estancia de varios días no mosteiro cisterciense de *La Oliva*, situado a uns vinte quilómetros de Ujué, tiven ocasión de manter unha longa

conversa sobre a arte do mosteiro co prior e mostroume con detemento moitos detalles, difíciles de captar a primeira vista, dos capiteis do claustro e os canecillos de músicos que coroa o beirado da portada occidental da igrexa. Neses canecillos, labrados na primeira metade do século XIII, están representados varios músicos cos seus instrumentos e un deles parece ser un rapaz con *txistu* e tamboril, instrumento típico do País Vasco e norte de Navarra, pero que, por outra banda, non parece ser exclusivo desta zona, á vista de que algo que semella a un *txistulari* tamén está representado na igrexa de Meiraos de Caurel, na provincia de Lugo, talcomo o mostra a fotografía.

Fago mención ós músicos de *La Oliva* porque entre quince ou vinte músicos non aparece a gaita galega e porque este elenco tan amplo de diferentes instrumentos é máximo expoñente na escultura medieval navarra de gusto pola

representación de músicos, saltimbanquis e contorsionistas.

Poucos días despois da visita a *La Oliva*, un grupo de colegas fomos a Ujué en día de asueto e excursión cultural gastronómica.

A igrexa de Ujué cumpriu funcións defensivas e ten o aspecto dunha imponente fortaleza. Sitúase na parte máis elevada do pobo e é unha das máis fermosas e valiosas de Navarra desde o punto de vista artístico. Presenta dúas fases constructivas moi claramente diferenciadas. A cabeceira é románica do século XI, é sabido que en 1087, en tempos do rei Sancho Ramírez, estaba a se construír. Esta cabeceira constitúe, despois da de Leire, a segunda obra de maior envergadura que se realiza no Reino de Navarra no século XI. A torre é do século XII e a nave e mais as portas, así como os corredores setentrional e occidental son do século XIV, dos tempos do rei navarro Carlos II o Malo (1349-1387). Este rei, que era un grande devoto da Virxe de Ujué, construíu esta parte da igrexa e iniciou a edificación dun Estudio Xeral ou Universidade que non foi concluído. Deixou mandado que o seu corazón fora depositado en Ujué, xunto da Virxe, e alí está aínda.

Polo tanto, é en tempos deste rei cando se constrúen as dúas portas do templo e cando se esculpe tamén o noso gaiteiro da porta setentrional.

No século XIV traballaron moitos canteiros no refectorio e claustro da catedral de Pamplona e, a dicir dos expertos, canteiros do grupo de Pamplona labraron a porta norte de Ujué. A do sur parece ser doutra man, quizais de gusto máis barroco pero menos experta en opinión de algúns, anque hai quen sosteñen o contrario e consideran mellor a porta sur.

Cando na nosa visita vimos o gaiteiro, fíquei sorprendido, e foi entón cando o meu amigo Touzón me falou do retablo de Meiraos. Era preciso informarse e intentar aclarar porqué esculpen no século XIV un gaiteiro galego en Navarra. Quen mellor me podía aclarar algo desta cuestión era don Florentino Artaiz Larrangoz, que estivera de cura



Gaiteiro no retábulo da igrexa de Meiraos

vinteseis anos en Ujué, e ademais é experto en arte e historia de Navarra e coñece como ninguén a documentación medieval de Ujué que hai nos arquivos Xeral de Navarra e da catedral. Don Florentino, xa cargado de anos, exerce de capelán nun asilo de anciáns que rexentan as monxas da Caridade nos arrabaldes dunha vila que está nas abas da serra de Izaga, polo lado meridional.

Caera unha treboada que refrescou o ambiente



Gaitero na portada da igrexa de Ujué

daquela tarde de verán. Despois de percorrer a alameda que conduce á porta principal do asilo, aparcamos o coche xunto da parede da horta e chamamos. Manifestei a unha monxa velliña da portería o meu desexo de ver a don Florentino e en poucos minutos apareceu este no recibidor.

Paseando pola horta, baixo os nubeiros que corrían polos escarpados da serra e envoltos no agradable aroma que desprende a herba mollada, expliquei a don Florentino cal era o motivo que me levou a falar con el. Atopeino moi envellecido fisicamente pero mantiña a enerxía de antano. Falamos un bo pouco, sobre todo de arte, e antes de nos despedir prometeu que nun mes me faría chegar o que houbera podido indagar ó respecto.

Chegou puntual a carta de don Florentino Artaiz Larrangoz. Voume limitar a transcribir a súa información que nos aclara, sorprendentemente para un asunto de tanta antigüidade, quen esculpiu o gaitero galego de Ujué, cándoo e porqué. Deixémolo falar.

“...Efectivamente, tal como che comentei o outro día, nas obras da catedral de Pamplona, sobre todo no claustro, traballou un grupo de doce mestres de cantería da actual provincia de Lugo, da zona de Sarria, comandados

por un tal Egidio de Triacastela. Esta obra remata cara 1345, en tempos da raíña Juana II, a filla de Luis Hutín. A partir deste ano desaparecen as mencións a este grupo nos documentos da Cámara de Comptos. Sen embargo, na Caj. 83, Leg. 5 da sección de Comptos hai varios documentos de pagos e receitas firmados por Juan de Conflant, que como sabes foi, entre outras cousas, contador real da Cámara, copeiro maior de Carlos II e alférez do reino, nos que figura un tal Romualdo

de Ferreiros. No documento nº 7 do mencionado atado, datado en febreiro de 1355, di que traballou con Egidio de Triacastela no claustro de Santa María de Pamplona e que se lle pagaban 480 soldos sanchetes pola obra que está a facer na porta da igrexa de Ujué. No documento nº 27 de agosto de 1357 asina Romualdo a receita de 40 diñeiros e 800 soldos sanchetes despois de rematar a obra de dita porta “que dá ó norte” segundo reza o documento. Tamén se di que é veciño de San Martín de Uxue e que está casado con Juana de Olleta.

Para rematar, dígoche tamén que atopei no arquivo da catedral un atado da igrexa de San Martín de Unx no que se fala dun preito que interpuxo Juana de Olleta contra o seu marido Romualdo de Ferreiros ante o merino de Tafalla; o documento está moi estragado e ilexible nalgúns zonas; parece que a muller se queixa de que bebía máis da conta e que lle daba poucos cartos “que non podía nin vivir”. No mesmo mazo e noutro

documento, datado en 1360, aparece un listado de multas impostas polo alcaide do castelo de San Martín de Unx; entre elas, unha de tres soldos a varios veciños do pobo entre os que figura o noso Romualdo por alborotar na noite de San Xoán tocando a gaita, ós demais a multa pónselle por bailar e berrar durante a mesma noite. Houbo sorte, sabemos cando se fixo a porta, entre 1355 e 1357, quen a fixo, Romualdo de Ferreiros, e por qué. Na miña opinión el mesmo tocaba a gaita e por iso esculpiu o gaitero e ademais era un parrandeiro de coidado. Perece ser que, ó mesmo tempo, tiña un grande sentido do humor porque non temos máis que ver a mofa que zumegan tanto o gaitero como as figuras que labrou nesa porta”.

Coido que non paga a pena engadir nada a estas liñas esclarecedoras de don Florentino Artaiz.

Neste artigo hai elementos reais e outros imaxinarios, de ficción literaria; sen embargo, é de todo punto certo que na portada norte da igrexa de Ujué hai un gaitero galego co seu instrumento, labrado na segunda metade do século XIV.

Vicente Touzón

euro 
 **lack**
fábrica de pinturas

pinturas **RICARDO**

RICARDO VARELA VARELA
DELEGADO DE VENTAS

M^a TERESA CASTRO ÁLVAREZ
VENTAS

C/. Manuel María, portal 1 - baixo A
Tfno. y Fax 982 212 209
Particular 982 245 248
27003 LUGO

AVOENGO CELTA

Non só guerreiros capaces de dominar Europa (V a.CI a.C.), hai algo máis nos ancestros celtas.

Unha civilización e cultura enigmática, chea de sabedoría que ó longo do tempo foise consumindo a prol da nada, gracias ás reprimendas dos pobos invasores.

Incursores da inhumación; enterro dos nobres en tumbas baixo terra, xunto con avíos persoais (costume que terá o seu apoxeo do século IX a.C. ó V a.C.). Precursores da metalurxia do ferro (xurdirá entre o século IV a.C. e o III a.C.), achegando así grandes adiantos ós apeiros de labranza. Alfareiros que labran vaixelas en tornos. Xastres, mestres, curtidores de pel. Comerciantes que dende o século XI a.C. percorren o Mediterráneo.

Artistas que fóra do absurdo e irracional, deixaron unha obra dinámica, abstracta e metafórica. E sabios druídas, coñecedores da riqueza da terra e sabedores das súas posibilidades.

Unha sociedade que agochaba un saber e unha cultura máis complexa do que se adoita pensar.

A priori, distinguimos catro claes, quizais as máis relevantes:

Nobreza.- Exercía o reinado do pobo, xestores así da súa riqueza e responsables da proliferación, estancamento ou sequía económica. Tamén líderes militares.

Bardos.- Espallaban lendas ou feitos heroicos nas súas

composicións poéticas e musicais.

Vates.- Encargados de elaborar menciñas e agoirar o futuro.

Druídas.- Selecta estirpe, eran mestres con vinte anos de aprendizaxe; este era oral e individualizado. Formaban a elite xunto á nobreza; eran xuíces, elixían rei, administraban o calendario, eran científicos e realizaban os sacrificios, tanto animais como humanos.

A civilización celta pode remontarse ata o século XII a.C., os primeiros vestixios na Galiza datan do XI a.C. Esta abrangue dous períodos: Hallstatt e La Tène.

No primeiro, Hallstatt (800 a.C. 450 a.C.), o dominio celta percorre Alemaña, Suíza e o leste de Francia. A metalurxia, a cerámica e o téxtil sofren un gran apoxeo, debido ó comercio. Este será a principal viga económica celta, de aí que os pobos occidentais sexan máis propicios á súa proliferación polo número de ríos cos que contan.

No período La Tène (500 a.C. 51 a.C.), a decadencia do comercio, probablemente debida ó peche do tráfico marítimo na desmbocadura dos ríos por outros pobos, trae consigo unha crise económico-política. A desesperación obrígaos á expandirse por Europa, saquear e conquistar terras. Chegan así a ocupar gran parte do vello continente. A partires do 390 a.C., os romanos recuperan Roma e conquistan o Continente, polo 51 a.C. case toda Galiza é romana (parte occidental). Máis tarde, no século VI o bispo Maleoc chega á nosa Galiza con oleadas de bretóns que loitarán contra os vindeiros pobos pola nosa terra.

O paso dos pobos Romano, Musulmán, Astur e o Castelán aflixiu ó pobo e cultura celta, oprimindo e convertendo os seus costumes e crenzas, caendo estancados en estamentos, vítimas do feixismo, machismo, anticoloxismo, (.....).

A celtización nas terras do Caurel a penas está estudada. É probable que Seurros, Lémaves, Supertios e Cauriacos (Albiós) poboaran o Cebreiro, Louzara e o Caurel.

O certo é que a civilización celta aínda non morreu, egue en nós. Polas nosas veas corre sangue de guerreiros e na nosa alma agóchase o erudito e mártir druída.

M. VILA.

A un "xabreiro" val e o meu arco da vella, bruxa teimuda.



GALICIA EN EL MUNDO EN INTERNET

ACCEDA A GALICIA EN EL MUNDO A TRAVÉS DE INTERNET EN EL PORTAL

www.galiciadigital.com

OS MOTORES DO CAUREL



Adivinar o futuro do Caurel é algo que nen sequera os videntes de moda poden chegar a determinar. As veces parece que é un camiño sen rumbo, xa que da noite a mañá as cousas mudan tanto que aínda hai que deixala mochila no camiño e andar como se pode.

Trasladándonos o caso do Caurel, temos crara unha cousa, que a riqueza básica da serra pasa polo seu atractivo natural. Evidentemente, o entorno leva anos dando conta de que é un lugar privilexiado, e precisamente as súas características orográficas permitiron que fose unha zona case virxen ata que a capacidade do home para chegar a calquera lugar rompeu un pouco con esa condición.

A chegada dos home en masa, gracias ás máquinas, chegaron a facer do Caurel unha zona a explotar duna forma industrial. Atrás quedaron as explotacións romanas e os restos de prospeccións de non tan atrás na historia que o home deixou sen preocuparse de restaurar, craro está, con beneplácito das administracións, que tiñan a obriga

de esixi-la reparación.

Ben é sabido que son empresas de fóra e incluso con xente de fora as que chegan ó Caurel para saca-lo mineral, neste caso a lousa, e nalgúns ocasións se permite dar traballo a un grupo de vecinos da zona. Pensamos que non é de recibo, como tampouco as condicións laborais, económicas, hixiénicas e de seguridade nas que se traballa.

Para moitas xente, estas empresas, nestas condicións, deixan moito que desexar, e , como contaba unha veciña emigrante en Barcelona no xornal de Lugo cando explotou a polémica do peche da canteira, é difícil entender que se poda considerar como ouro negro a lousa. Tal vez nin unha cousa nin a outra, pero o asunto do peche da canteira pasa pola súa legalización a tódolos efectos, xa que doutra maneira é dar paso a unha cadea de ilegalidades. O que non se entende ben é como foi posible que a explotación se puxera en marcha sen os permisos oportunos. Resulta, cando menos chocante xa que se algún de nós incumpre as normas de tráfico ou fai na súa casa unha reforma sen licencia, as administracións están máis dilixentes para que non fagamos o atentado contra o medio ou contra a seguridade do resto da comunidade.

En calquera caso, e sendo posible a compaxinación das industrias extractivas do mineral, a nosa decantación debería ser hacia a explotación dos recursos duna forma non agresiva para o resto dos valores do Caurel. Falamos dos recursos agroforestais e silvícolas centrados na transformación e diversificación. Esperemos que algún Plan Europeo, que está de camiño, faga de motor ou cando menos, de base para a reflexión. Que así sexa.

XL.Q.



A REVISTA EN INTERNET

Dende o N° 5 xa se pode ver a revista en internet,. **A CANDEA** xa anda polo mundo na rede; para votar unha ollada e vela no seu formato orixinal basta con entrar no enderezo: www.galiciadixital.com dende ali picar o apartado **comunicación**, logo **publicaciones**, e entre outras pode verse **A CANDEA**.



*Restauración, Reciclaxe
e Moble rústico artesanal*

A toca, 4
29320 Quiroga (Lugo)
Telf. 982 15 54 00
Móvil 679 22 68 62
www.compunova.net/armaior

COUSAS QUE ACONTECERON

ESCAPARATE DO CAUREL NA GALERÍA SARGADELOS DE LUGO

Durante 4 días no escaparate da Galería Sargadelos de Lugo emprazada na esquina da rúa Progreso e Praza Santo Domingo estiveron expostas cousas vencelladas O Caurel; artesanía en madeira, pedra, publicacións, postais, etc. Segundo comentou Don Xesús, responsable da Galería, moitas foron as persoas que se detiveron a observar o exposto e algún entrou a informarse a cerca do tema. Damos as Gracias a Galería por dedicarnos este espazo.



RUTAS DE SENDEIRISMO

A finais de Abril a Asociación "FONTE do MILAGRO" organizou e dentro do calendario de actividades unha ruta para dar a coñecer o último tramo da Ruta do Lor que este colectivo coa colaboración de membros do Club Fontiñas de Santiago acondicionaron e sinalizaron. Esta ruta deu seu comezo no alto da Cazola hasta Paramedela e dende aquí coller a ruta río arriba hasta Froxan. Case un cento de persoas se deron cita e logo de percorrer os 15 Quilómetros.

XUNTANZA PARROQUIAL EN VILAMOR

O pasado día 6 de Xullo celebrouse unha xuntanza de veciños da parroquia de Vilamor, nun principio esta era para celebrarse coincidindo coa data do Corpus, xa que hasta fai pouco anos celebrábase a festa parroquial nesa data. Acudiron un bo número de persoas que degustaron o aire libre un menú a base de Pementos de Padrón, Carne a Grella, acompañados dun viño da Ribeira Sacra, Postres Variados e Café todo elo preparado polos organizadores e nun ambiente de festa. Para protexerse do forte sol foi preciso instalar uns toldos. O remate da comida todos coincidiron que hai que repetir esta celebración pero si é posible coincidindo cas festas do Corpus.

PROXIMAS ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN

FESTA DO MAGOSTO DE AGOSTO

Aínda que estamos nos meses de vacacións, dende a Asociación traballamos para continuar cas actividades marcadas a primeiros de ano e algunhas máis. De cara a vindeiras datas, preparase o xa tradicional Magosto de Agosto, nun principio barallouse o 17 de Agosto para a súa celebración en Froxán, como hasta agora foi habitual, pero ante o cargado do calendario en canto a festexos na zona por estas datas, o peche da edición da revista aínda estamos a buscar o confirmar si se celebrará na data pensada en principio

XUNTANZA DE MEMBROS DA ASOCIACIÓN

Dada a boa acollida que o ano pasado tivo a xuntanza nun restaurante da zona no que se celebrou unha cea para membros e simpatizantes do Colectivo "FONTE do MILAGRO"; Estamos estes días a buscar a data que máis se axeite para celebrar de novo esta reunión na que contar incidentes acontecidos o longo do ano e valorar actividades realizadas nos últimos meses.

RUTA NOCTURNA

Tamén sen confirmar data fixa, estase a organizar unha ruta de sendeirismo nocturna, pretendese lembrar un pouco como antano se desprazaban duna aldea a outra e sobre todo nos meses de verán para acudir as moitas festas e romarías que o longo do Caurel se celebraban nestas datas. A ruta a facer está sen confirmar pero escollerase un camiño sinxelo, no que podan participar tódalas persoas que o desexen e que en todo momento ira un vehículo acompañando os camiñantes. No momento de ter data e lugar a celebrarse a ruta, farase publico para que podan participar nela tódolos que o desexen.

EL GORDO DE La Primitiva

Bono  Loto

La  Quiniela

La  Primitiva

Reserve xa a súa Lotería de Nadal

ADMINISTRACIÓN Nº 12

Crta. N-VI, km. 501,6

27004 LUGO

(Centro Comercial Carrefour)

Telf. 982 203 159

ARTISTAS DO CAUREL

O Dragón que tiña moitos euros



Alexandre Valín Roca

Érase unha vez un dragón que quería moitos euros e non os quería deixar. Non era malo, era bo. E tiña 200 e quería 205, e aínda quería 207, e quería 209, e quería 2.012. E tiña unha cova, e tiña esposas de pinchos e quería unha cama, e se comía homes, bebía lume e se marchaba e voaba polo ceo. E o pobre dragón case morre porque os cazadores lle dispararon na cabeza, e tiña un escudo de euros e se salvou.

Este pequeno conto é obra de Alexandre Valín Roca de Paderne; con el gañou o concurso "Vivir con el Euro" que organizou La Voz de Galicia. Foi o primeiro premio na categoría de Educación Primaria e recibiu o premio de mans do presidente do xornal; no certame participaron 2.500 alumnos de 101 centros educativos de toda Galicia. O mestre Francisco Sierra Abraín foi quen animou ós alumnos de Primaria do CEIP de Seoane de Caurel a participar en dito concurso e segundo el "o galardón é un recoñecemento ó medio rural, e mostra delo é que non todo sucede nas cidades, en calquer lugar pode aparecer un pequeno xenio" ¡Noraboa Alexandre!

Poesía Dedicada aos Gaiteiros do Caurel

-Nas montañas do Caurel
aniñan arrulas e aguías.
Soa no ar unha melodía
é a música das gaitas
isperada polas musas
nas nosas alegres rapazas.

-Viventude moi agarimosa,
con nobreza e sentimento,
emblema daquela terra amorosa,
orgullo do meu contento.

-Foméntana súa cultura
co oficio máis ancestral,
son dos mellores sen dúbida,
para eles non queda rival.

-Gaiteiros daquela terra,
duna terra tan soberana,
é para nos unha delicia,
un pracer pras nosas almas,
prestas almas peregrinas
que de peregrinar non cansan.

II
-Terras nobres do Caurel
de gaiteiros e poetas,
Novoneyra foiche fidel
regalándoches as súas letras.
-Florece nos eidos o toxo,
aspiras as brisas do "Lor",
o teu gaiteiro maior
é Xosé Lois Foxo

do lugar de Romeor.

III
-Gaiteiros da nosa terra,
xa vivides nos corazóns,
que a dozura da vosa música
tanto amor lles inspirou!
-Gaiteiras da miña terra,
elegantes e agarimosas,
deixádesnos anonadados
coas muiñeiras e xotas.

Barcelona, 23 de Febreiro de
2002
X. GALAN.



Disfrute en nuestra terraza
de gran variedad de:
Helados, Cafés

CAFETERÍA
NAGASAKI

C/ Pérez Colino, 7 - Telf. 987 41 10 44
PONFERRADA




FAITE SOCIO COLABORADOR

Si desexas formar parte da Asociación, participar nas súas actividades, colaborar nos proxectos deste colectivo, a defensa do patrimonio cultural, paisaxístico, etnográfico, etc. do Caurel. Recorta ou fotocopia ó seguinte recadro e envía a:

*Asociación Cultural
"FONTE do MILAGRO"
Froxán s/n 27325 O CAUREL - Lugo -*

ACAMPAMENTO O CAUREL CAMPING - BUNGALOWS



ESPERANTE - SEOANE

RESERVAS:
Viajes QUIMATURS - LUGO
Teléfono (982) 24 61 11
Tfno.: Camping: (982) 43 31 01



Apelidos..... Nome:..... D.N.I.....
Enderezo:..... C.P:.....
Localidade..... Provincia..... Teléfono.....

A correspondente ó ano 2002 é de 15 € e a modalidade de pago:

☐ Domiciliación bancaria
(marca a opción desexada)

☐ Pago en efectivo

☐ Transferencia bancaria

- Para transferencia bancaria podes facer o teu ingreso na conta Nº **3070/0006/52/0205002460** aberta a nome da Asociación na oficina de Caixa Rural de Folgoso do Caurel. (Lugo)

- Para domiciliar os pagos cobre os teus datos bancarios.

DOMICILIACIÓN DE PAGOS

Nº de CONTA (20 dixitos)/...../..... Titular:.....
Banco ou Caixa Enderezo

Sr Director do Banco ou Caixa: Teña a ben cargar na miña conta e hasta nova orden, tódolos recibos que sexan presentados pola Asociación "FONTE do MILAGRO"

Sr. Director del Banco o Caja: Tengo a bien cargar en mi cuenta y hasta nuevo aviso todos los recibos que sean presentados por la Asociación "FONTE do MILAGRO"

O titular da conta

En..... a..... de..... de..... Asdo:.....

A BANDA DE GAITAS DO CAUREL GRAVA O SEU PRIMEIRO DISCO

Fai poucos días os membros da Banda de Gaitas do Caurel comezaban a gravación do seu primeiro disco, o novedoso é que boa parte desta gravación fíxose o aire libre e para elo o seu director, Xosé Lois Foxo escolleu uns dos sitios máis fermosos da Serra. Comezou esta gravación nas Fontes do Cervo na Devesa da Rugeira alí o ruxir da auga acompañaba

o son das gaitas e tambores, dende aquí desprazáronse hasta a Lagoa da Lucenza para gravar outros temas, e neste caso os coros facíano as moitas ras da lagoa que aproveitando o bo día non quixeron perder esta gravación e que seus cantos poidan oírse de fondo no disco. Rematada a gravación, membros da Banda e acompañantes degustaron un

xantar o aire libre na Campa da Lucenza, o sol e calor que naquelas alturas facía levou os comensais a apurar a comida para refuxiarse a sombra.

Este disco presentarase o día 4 de Agosto coincidindo co Filandón que organiza Xosé Lois Foxo no cámping en Esperante. o dito disco tamén inclúe cantares doutros artistas da zona.

MUIÑEIRA DOS CATRO CABALEIROS

Recollida de José Lois Foxo

Composta na memoria do Encontro-Romería celebrado no entorno da Mesa dos Catro Cabaleiros (2/09/00)



Colaboran:



Deputación de Lugo



Concello de Folgoso do Caurel

**Unha area recreativa
en plena natureza
do Caurel**

**Carnes a brasa e
productos da zona**

www.galiciaonline.es/oponton

LU-651 (KM 28) Entre Folgoso e Seoane

Café-Bar O'PONTON

Ferreirós dábaixo Caurel

Tel: 982 16 52 18



CAIXA RURAL GALEGA

Oficina Folgoso do Caurel